

Regulamento Executivo 1/23 sobre o procedemento de presentación de candidaturas á Xunta Directiva

De conformidade coa convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria para o sábado 27 de maio do 2023, e o establecido nos vixentes Estatutos do 19 de novembro do 2022, determínase o procedemento de presentación de Candidaturas á Xunta Directiva.

I. Convocatoria.

Convocarase Asemblea Xeral cunha antelación mínima de 15 días da data da súa celebración.

En dita convocatoria deberán estar accesibles os formularios de confidencialidade e protección de datos, tanto na páxina web da Asociación como nos correos electrónicos que se envíen aos asociados.

II. Candidatos.

Poderán ser candidatos á Xunta Directiva tódolos socios/as numerarios/as, maiores de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís, estar ao corrente de pago de cotas e non atoparse nalgún dos supostos recollidos no Réxime de Incompatibilidades (artigo 24).

Para ostentar os cargos dos órganos unipersoais, deberán contar cun mínimo dun ano de antigüidade na AGEFEC.

Límite de mandatos: *Os mesmos poderán ser reelixidos un máximo de tres veces consecutivas para cada cargo da Xunta Permanente (Presidencia, Vicepresidencia/s, Secretaría, Vicesecretaría de habela, Tesourería e Vicetesourería de habela). En ningún caso (agás no suposto recollido no Art. 39.5), se poderá exceder un máximo de dez anos consecutivos na Xunta Directiva.*

III. Candidaturas.

De conformidade co Art. 39.2, *A elección farase sobre candidaturas unitarias que conteñan todos os membros a elixir e coa distribución de cargos entre eles.*

Tódalas candidaturas deberán estar compostas por candidatos aos seguintes cargos (Art. 38):

Cargos mínimos obrigatorios para conformar candidatura	Cargos optativos
<ul style="list-style-type: none"> • Presidente/a • Vicepresidente/a • Secretario/a • Tesoureiro/a • Vogal 1 • Vogal 2 • Vogal 3 	<ul style="list-style-type: none"> • Vicepresidente/a 2ª e sucesivo • Vicesecretario/a • Vicetesourerío/a • Vogal 4 e sucesivos.

De conformidade co Art. 38.5, *Para optar a presentación de candidatura á Xunta Directiva e tomar posesión dos cargos, será necesario que os candidatos asinen os compromisos e/ou cláusulas de Confidencialidade e Protección de Datos que estableza a Xunta Directiva de conformidade cos órganos de asesoría técnica da Asociación e o Regulamento de Réxime Interno.* Así mesmo, segundo o disposto no Art. 39.3, *Só se considerarán válidas aquelas candidaturas nas que a totalidade dos seus membros presenten en tempo e forma os compromisos de confidencialidade e protección de datos establecidos.*

Para o suposto de renovación de candidatura, segundo o Art. 39.5 *No caso de non haber máis de unha candidatura e ter que renovar cargos vacantes, farase por elección de entre os voluntarios presentes. Neste suposto, o Artigo 36 poderá quedar sen efectos.*

IV. Toma de posesión (Art. 41).

Os membros electos da Xunta Directiva tomarán posesión dos seus cargos na mesma Asemblea Xeral na que resulten elixidos. O nomeamento dos cargos electos deberá ser certificado polo Secretario saínte co Visto e Prace do Presidente saínte.

Sen menoscabo do anterior, o Presidente Saínte, o Secretario Saínte e o Tesoureiro Saínte, baixo dirección e control dos cargos Entrantes, poderán e deberán levar a cabo



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

as actuacións de representación administrativas, fiscal e bancarias necesarias mentres o proceso de traspaso de poderes non estea culminado. Ditas actuacións deberán quedar por escrito, mediante certificados expedidos polo Secretario Entrante co Visto e Prace do Presidente Entrante.

V. Prazos.

As candidaturas deberán ser presentadas cun mínimo dunha hora antes da celebración da Asemblea (Art. 39.2).

VI. Procedemento.

1. Segundo o Art. 39.2, *As candidaturas deberán ser presentadas mediante correo electrónico na Secretaría da Asociación (secretariatecnica@agefec.org) subscritas e asinadas polos membros candidatos.*
2. De conformidade co Art. 38.5, os integrantes da candidatura deberán presentar asinados os anexos I e II.
3. *Será responsabilidade do/a Secretario/a da Asociación ou da persoa que asuma as súas funcións, certificar co apoio dos órganos técnicos da Asociación a presentación da documentación necesaria para formalizar a candidatura. O Secretario no momento da Asemblea deberá dar conta das candidaturas presentadas e daquelas que contan cunha resolución desestimatoria para a súa presentación. A resolución desestimatoria do Secretario poderá ser recorrida enalzada perante a Asemblea Xeral mediante a presentación de toda a documentación necesaria no momento da proclamación de candidaturas (Art. 39.3).*

Santiago de Compostela, a 29 de marzo do 2023.

O Secretario

Vº e Prace da Presidenta.

ANEXO I: DECLARACIÓN DE INCOMPATIBILIDADES DOS CANDIDATOS Á XUNTA DIRECTIVA

D/D^a , con DNI , enderezo a efectos de notificación en **Rúa , Lugar, Concello, Provincia e código postal** e correo electrónico .

EXPOÑO

1. Que son candidato/a á **Presidencia/Vicepresidencia/Secretaría/Tesourería/Vogalía** na candidatura promovida por **(persoa que opta á Presidencia)** nas eleccións á Xunta Directiva na Asemblea Xeral Extraordinaria do 27 de maio do 2023
2. Que de conformidade aos preceptos dos vixentes Estatutos da AGEFEC aprobados o 19 de novembro do 2022, sobre incompatibilidades dos membros da Xunta Directiva,

DECLARO

- I. Non incorrer en ningunha das causas establecidas pola lexislación vixente.
- II. Non ostentar cargos de responsabilidade directiva ou responsable de xestión docente de conformidade ao expresado no artigo 24 alínea b.
- III. Non ostentar cargos de responsabilidade directiva no sistema público de saúde ou en institucións privadas, a excepción dos Xefes/as e Coordinadores/as dos Servizos e Unidades de Atención Primaria ou equivalentes. Tamén se entende como motivo de incompatibilidade os responsables de xestión docente con dedicación a tempo completo.
- IV. Non ostentar cargos de responsabilidade sindical, ben por funcións de representación dos traballadores, ben a nivel orgánico das organizacións sindicais.
- V. Non ostentar cargos políticos, ben a nivel organizativo dos partidos ou asimilados, ben a nivel institucional, ben por designación en entes, fundacións, etc.
- VI. Non ostentar cargos ou empregos na farmaindustria ou relacionados coa venda de medicamentos e/ou produtos sanitarios.
- VII. Non ostentar cargos en organizacións ou Asociacións contrarias as fins da AGEFEC.
- VIII. **Así mesmo coa fin de respectar a independencia da AGEFEC, informo que:**
 - **Informar de situacións recollidas no artigo 24 que non estean vixentes na actualidade**
 - **Informar se ostenta a condición de Coordinador ou Xefe de Servizo ou Unidade de AP.**
 - **Informar de calquera outro cargo ou condición noutra Asociación ou Sociedade Científica activa na actualidade.**
 - **Informar de calquera condición que a criterio do interesado e de xeito voluntario que poida supoñer un conflito de interese.**

En Santiago de Compostela, a XX de XXXXX do 2023.

Asdo.



AGEFEC
Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

ANEXO II: CONTRATO DE CONFIDENCIALIDADE PARA OS MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA DA ASOCIACIÓN GALEGA DE ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA

Nome e apelidos maior de idade, con documento de identificación número **DNI**, con número de teléfono **TELÉFONO**, enderezo electrónico **correo-e**, e enderezo postal a efectos de notificación en **Enderezo, CP, Lugar, Provincia**, en calidade de **membro da Xunta Directiva** e cargo de **CARGO** da Asociación Galega de Enfermaría Familiar e Comunitaria (en diante AGEFEC) con CIF G70097811, mediante o presente documento

RECOÑECE

Primeiro.- Que debido a súa condición de membro da Xunta Directiva pode obter coñecemento de determinados datos persoais (resto de socios, beneficiarios, colaboradores, provedores, etc.) titularidade da AGEFEC.

Segundo.- Que se compromete a gardar a máxima reserva e confidencialidade sobre a citada información que conteña datos de carácter persoal, comprometéndose a non divulgala, publicala nin facela accesible de calquera outro xeito a terceiros non autorizados para o seu coñecemento por AGEFEC.

Terceiro.- A duración das obrigacións de confidencialidade establecidas no presente documento serán indefinidas, manténdose en vigor durante a relación coa AGEFEC e con posterioridade a súa finalización por calquera causa.

Cuarto.- A vulneración da confidencialidade pode chegar a supoñer un delito conforme ao Código Penal, así como infracción recollida polo Regulamento Europeo de Protección de Datos e a normativa española ao respecto.

Quinto.- Que respectará escrupulosamente, as medidas de seguridade técnicas, legais e organizativas implantadas pola AGEFEC en cumprimento da normativa de protección de datos.

Sexto.- Este contrato sorte efectos dende a toma de posesión como membro da Xunta Directiva da AGEFEC o **27 de maio do 2023**.

En proba da conformidade co estipulado neste contrato, **Nome e apelidos** asínao **dixitalmente**.

Santiago de Compostela, a data da sinatura.